TEST.Xestión da seguridade da información nun sistema baseado en ISO/IEC 27001

Laboratorio de Seguridade da Información

1. ¿É obrigatorio certificar a norma ISO/IEC 27001?

a) Si.

b) Non, non é obrigatorio, pero si é recomendable.

2. A miña empresa xa conta cun SGSI que se implantou fai algúns anos. ¿É necesario revisalo?

a) Non, porque o SGSI funciona ben e non tiven ningún problema.

b) Si, xa que o SGSI débese adaptar o mellor posible ó contexto da organización.

c) Non, non é necesario mentres no haxa indicios de que se producira un incidente de seguridade.

3. ¿En que sector sería máis prioritario implementar a norma ISO/IEC 27001?

a) Hostelería.

b) Sanidade.

c) Pesca.

4. A miña organización sufriu un incidente de seguridade e quere evitar que volva a ocorrer. ¿Cal sería a mellor medida a tomar?

a) Instalar un antivirus de pago.

b) Establecer un sistema de xestión da seguridade da información.

c) Realizar copias de seguridade periodicamente.

d) Poñer un contrasinal máis robusto.

5. ¿Que fase do ciclo PDCA vai inmediatamente despois de manter e mellorar o SGSI?

a) Ningunha, xa que é a última fase do ciclo.

b) Establecer o SGSI, xa que se debe volver a empezar o ciclo.

c) Implementar e operar o SGSI. Non preciso pasar por todas as fases unha vez realizadas a primeira vez.

6. ¿Cal é a versión máis recente da norma ISO/IEC 27001?

a) 2005.

b) 2007.

c) 2013.

7) ¿Cal é o documento que recolle os controis de seguridade que se van a implantar nunha organización?

a) Un análise de riscos.

b) A declaración de aplicabilidade.

c) A política de seguridade.

d) Un plan de tratamento de riscos.

8. Quérese crear un documento que conteña datos dos últimos ataques de seguridade que se produciron. Este documento é...

a) Un indicador.

b) Un rexistro.

c) Un procedemento.

9. ¿Cal sería o primeiro documento que se debe establecer se se quere mellorar a seguridade?

a) Unha política que estableza de forma xeral os obxectivos da organización.

b) Un procedemento que especifique os programas a empregar e as súas configuracións.

c) Un rexistro que indique as datas de acceso ás aplicacións empregadas.

10. Na última revisión do SGSI detectáronse desviacións no cumprimento de varios obxectivos do sistema. ¿Que debería facer a organización?

a) Dar prioridade a outros procesos. A organización só debe centrarse no exercicio da súa actividade.

b) Asumir os incumprimentos se se encontran en áreas do SGSI pouco importantes.

c) Tratar os incumprimentos volvendo a executar o ciclo PDCA.

RESPUESTAS.Xestión da seguridade da información nun sistema baseado en ISO/IEC 27001

Laboratorio de Seguridade da Información

Nº Pregunta	Respuesta
1	B
2	B
3	B
4	B
5	B
6	C
7	B
8	B
9	A
10	C